



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE XANEIRO DO 2026

Sesión 01/2026-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE», independente) D. Emilio Graña Mosquera («BNG») Non adscrito (NA) D. Fernando España López (Chano) <u>NON ASISTE</u> D^a María Soraya Salorio Porral (con escusa) <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de xaneiro do 2026, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria desta Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
---	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de xaneiro do 2026 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 16 e 18/2025)



Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinarias núms. 16 e 18/2025, do 27 de novembro e do 29 de decembro, postas a disposición dos membros da Corporación.

Non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- LIQUIDACIÓNS ANUAIS DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE AUGA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DOS ANOS 2021, 2022, 2023 E 2024

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral da súa sesión ordinaria do 22 de xaneiro do 2026, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar a liquidación a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de canon polo contrato de abastecemento de auga anualidades 2021-2024 por importe de 6.877,14 €. Concepto do orzamento de ingresos 55004.

Segundo.- Aprobar a liquidación a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de canon polo contrato de depuración de auga anualidades 2021-2024 por importe de 419.832,61 €. Concepto do orzamento de ingresos 55005.

Terceiro.- Rexeitar a solicitude de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU relativa á compensación pola falla de actualización das tarifas imputable aos anos 2021-2024 por importe de 319.082,73 €.

Cuarto.-Autorizar e dispor o gasto e recoñecer a obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de consumos de auga nas instalacións municipais exercicio 2021 por importe de 25.288,40 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

Quinto.- Proceder a compensación monetaria dos saldos resultando un importe líquido a ingresar por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU de 401.421,35 €.

Sexto.-Notificar o presente acordo ao interesado».

Interven o sr. España López (NA), que chama a atención da ausencia dos orzamentos 2026, e con todo os concelleiros con dedicación cobran todos os meses, e mencionando o informe de secretaría sinala que o servizo estase a prestar cun contrato caducado e recorda que o alcalde na Comisión Informativa volveu a dicir que a súa intención é remunicipalizar o servizo de auga, cando nin tan sequera pode xestionar a piscina municipal. Remata a intervención recordando que hai un goberno local, que cada vez máis parece que vai gobernando a golpe de improvisación, sen ter ningún tipo de proxecto.

Intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) que dá lectura a unha parte do informe de secretaría, no referido ás conclusións, e anuncia que o seu voto vai ser favorable e prega ao goberno municipal que licite os contratos.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) manifesta que está de acordo co seu compañeiro e engade que nun dos documentos do expediente o alcalde recoñece que o servizo está en precario e que está nun 'proceso de estudo e toma de decisión' e pídelle que se decida porque leva seis anos para tomar unha decisión.

A sra. Arias Ferreiro (PP), intervén recalando que pasan os anos e todo segue mal e avanza que o seu grupo hase abster porque é responsabilidade do alcalde.

A sra. Nogareda Marzoa (APSU) escusa a ausencia da sra. Salorio Porral e di que vai facer un 'chascarrillo', e apelando ao informe de secretaría que leu o sr. Graña di que a contratación do servizo está enquistada polo órgano político correspondente e está claro que leva enquistado seis anos, como tantas outras cousas, e recorda que recentemente nos medios comentouse a condena de dous exalcaldes de Miño, que chegaron a un acordo con Fiscalía, por cuestións que lo mellor non eran tan grandes como esa, e di en modo 'chascarrillo' que ao mellor iso 'é culpa da secretaria', xa que como todo é culpa dela igual iso tamén se leva á sesión por culpa dela. Anuncia que como a liquidación hai que facela o seu voto vai ser favorable.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 13 (7 SM, 3 UPSA, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: 3 PP.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a liquidación a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de canon polo contrato de abastecemento de auga anualidades 2021-2024 por importe de 6.877,14 €. Concepto do orzamento de ingresos 55004.

Segundo.- Aprobar a liquidación a VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de canon polo contrato de depuración de auga anualidades 2021-2024 por importe de 419.832,61 €. Concepto do orzamento de ingresos 55005.

Terceiro.- Rexeitar a solicitude de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU relativa á compensación pola falla de actualización das tarifas imputable aos anos 2021-2024 por importe de 319.082,73 €.

Cuarto.-Autorizar e dispor o gasto e recoñecer a obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de consumos de auga nas instalacións municipais exercicio 2021 por importe de 25.288,40 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

Quinto.- Proceder a compensación monetaria dos saldos resultando un importe líquido a ingresar por VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU de 401.421,35 €.

Sexto.-Notificar o presente acordo ao interesado.

3º.- REHABILITACIÓN DA CAPELA DE SAN ROQUE (proposición)

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente:

«É unha proposición, porque non foi ditaminado. A fundamentación da urxencia é que solicitouse unha axuda o 21 de xaneiro, por decreto da Alcaldía, e o órgano competente é o Pleno para aprobar o proxecto; non para solicitar a axuda, pero si para aprobar o proxecto o órgano competente é o Pleno. Polo tanto, hoxe tráese aquí ao Pleno pois a aprobación do proxecto».

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación, o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, explica a proposición da Alcaldía:

«Boa tarde a todos e todas. Creo que foi hai un par de meses, precisamente neste Pleno, cando o sr. Lonja preguntaba polo estado das obras da Capela e eu nese momento explicaba que por unha banda estaba o contrato do acodamento da fachada, que é obvio que xa está executado, e que paralelamente existía un segundo contrato, neste caso encargado a dous arquitectos especialistas en estruturas, que estaban estudando o caso, e que no seu momento pois farían entrega dun proxecto que determinase tanto as causas do problema como as posibles solucións dende un punto de vista técnico; pois, a día de hoxe, xa temos ese proxecto en dependencias municipais e chega o momento de dar máis pasos para conseguir por fin solucionar ese problema.

Sen afondar en cuestións técnicas, que dende logo eu non son especialista na materia, os arquitectos determinan que as filtracións da contorna xogan un papel determinante no progresivo deterioro do subsolo e propoñen, en primeiro lugar, a aplicación de resinas expansivas e micropilotos na cimentación para así consolidar a estrutura e, ao mesmo tempo, afastar a fonte da súa situación actual ao medio da praza; situación que xa ocupaba hai moitos anos, segundo o acreditan as fotos da época, polo tanto non falaríamos dunha nova situación senón de devolver a fonte á súa situación orixinal.



Por outra banda, e non menos importante, tamén é preciso reparar os danos actuais dos muros laterais, cambiar as pendentes que na actualidade dirixen a auga da choiva cara á propia Capela, revisar o campanario, tratar as unidades por capilaridade existentes e reparar o 'desplome' no falso teito que afecta tamén ás portas de entrada. Ese investimento total está calculado nuns 311.000 euros máis IVE, uns 375.000 euros en total, e considerando que o dito proxecto non figura no orzamento propónse a este Pleno pois precisamente ese acordo, que basicamente ten dous puntos: por unha banda, aprobar o proxecto técnico, redactado polos arquitectos D. Jorge Aragón Fitera e D. Manuel José Freire Tellado, para a rehabilitación integral da Capela; e o compromiso tamén por parte do Concello de incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á dita achega.

O noso compromiso coa recuperación da Capela é claro, é evidente, quedou demostrado cun primeiro contrato, para o acodamento; un segundo contrato, para a redacción do proxecto; un terceiro contrato, para o estudo arqueolóxico preceptivo; e se todo vai ben estaríamos falando agora, pois iso, dun futuro cuarto e último contrato que execute finalmente as obras necesarias para garantir pois tanto un uso seguro na actualidade como a pervivencia do edificio para as xeracións futuras. Sen máis, pídolles o voto favorable para esta proposta, para que así a data de reapertura da Capela pois non se prolongue máis do estritamente necesario. Moitas grazas».

Intervenien o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen pregunta por que non estaba nos orzamentos e destaca que xusto o último día a última hora pídese por resolución a axuda, coma sempre, e pregunta que se non dan a axuda pérdese calquera axuda que teña que ver con bens de interese cultural, habendo máis en Sada, e di que non será compatible a axuda co POS e poderíase ter invertido, por exemplo, en La Terraza, e dá lectura ás bases no referido ao 'uso temporal por un mínimo de 10 anos' que contén coa autorización do titular do ben, polo que recalca que poderíase ter chegado a un acordo cos propietarios dese inmovible e pedir a axuda para el. Pregunta por que se mete tamén no POS a Capela, cando non son axudas compatibles e poderíase optar ás dúas subvencións en bens distintos.

A sra. Nogareda Marzoa (APSU) di estar de acordo co sinalado polo PP e pregunta por que non se chega a un acordo, destaca que non se fai nada e despois curiosamente quere ter o ben para uso municipal, como deixou manifestado o sr. Graña, a raíz dun informe técnico. Unhas veces dise que como está xudicializado que non se pode facer nada e outras si. Menciona a dilixencia de advertencias de secretaría obrante no expediente sobre posibles nulidades e a presentación do expediente en secretaría fóra de prazo, e di que tarde, como sempre. Di que as formas hai que afealas porque deixan bastante que desexar.

O alcalde di que as bases son en concorrencia competitiva e hai a posibilidade de que non a dean, e por outra banda hai o POS complementario e se corrobora cando vén o adicional e no caso de que dean a subvención de patrimonio cultural cambiaríanse os proxectos do POS adicional, non sería necesario facer ese e se non dan a axuda pode facerse no complementario e a Deputación xa o tería revisado e adiantaríase.

A concelleira do PP di que entón perderíase a subvención de patrimonio.

O alcalde di que nas bases pedíase certificación da secretaría ou título que lle habilite para o uso material. Pregunta se alguén lle pode asinar a cesión para o uso material durante dez anos.

A concelleira do PP dille se o preguntou a alguén.

O alcalde di que preguntou 'a quen considero eu que lle hai que preguntar, nos dixeron cales eran os trámites para que nos puideran facer uso material, innecesariedade, desafectación e posterior cesión ao Concello. Iso foi o que nos contestaron na Demarcación de Costas'.

A sra. Arias pregunta se só hai La Terraza como BIC en Sada.

O alcalde di que non e que agarda poder utilizar o POS adicional para outra cousa.

A sra. Nogareda pregunta a que outra cousa pode pasar o POS.

O alcalde di que hai unha serie de proxectos que están pendentes de dispoñibilidade de terreos.

Engade a sra. Nogareda se por iso non van.

O alcalde di que iso é debate do seguinte punto.



A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobado o proxecto técnico redactado polos Arquitectos D. Jorge Aragón Fitera e D. Manuel José Freire Tellado, de Rehabilitación integral da Capela de San Roque cun orzamento total de 376.632,84€ (Orzamento por contrata: 311.266,81€, IVE: 65.366,03 €, total: 376.632,84€), que se incluíu na solicitude de subvención de actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público no ano 2026.

2º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal ao investimento procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

4º.- POS+2026 (Plan Único de concellos) (proposición)

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente:

«A urxencia vén motivada porque remata o prazo o venres día 6 de febreiro».

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (7 SM, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: 6 (3 UPSA e 3 PP).
- Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba a urxencia por maioría absoluta.

A continuación, a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, dá lectura á proposición que se reproduce literalmente:

«PROPOSTA ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

(PLAN ÚNICO CONCELLOS) “POS+2026”

Vistas as bases reguladoras do POS+2026, publicadas no BOP núm. 231 do 2 de decembro de 2025, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2026”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	409.575,82
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	434.398,60
Subtotal gasto corrente	843.974,42

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
		Concello	



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
-					
Subtotal investimentos achega provincial 2026	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
-					
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0	0	0	0	0

C) *Resumo:*

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	409.575,82				409.575,82
	Achega 2025	434.398,60				434.398,60
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026					
	Achega 2025					
C- TOTAL	Achega 2026	409.575,82	-	-	-	409.575,82
	Achega 2025	434.398,60	-	-	-	434.398,60
	TOTAL	843.974,42	-	-	-	843.974,42

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Rehabilitación integral da Capela de San Roque	376.632,84 €	-	376.632,84 €
TOTAIS	376.632,84 €	-	376.632,84 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e ten solicitada subvención á Excm. Deputación no programa DP0045/2026, Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal por importe de 150.000 €.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Interveñen o sr. España López (NA) e o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) (durante a intervención o presidente pídelle de favor silencio e que manteña un pouco a compostura a unha persoa do público asistente):

«SR. GRAÑA: Boa noite. Estamos votando que cheguen recursos da Deputación, recursos económicos. Dende o BNG, e en favor da veciñanza de Sada, creo que estamos obrigados a votar a favor. Non estamos votando, o entendemos así dende o BNG, que non estamos votando como se xestionan eses recursos, porque aí si que podíamos barallar que tipo de sentido tería o noso voto, ou como se xestionan ou incluso algunhas partidas a onde van; podíamos discutilo, que saben que a nosa man sempre está tendida para discutir orzamentos e teñen a porta aberta do BNG, xa o saben a xente do goberno de Sadamaioría, sábeno.

SR. PORTELA: Silencio, por favor; manteña un pouco a compostura.

SR. GRAÑA: Como, repito, estamos votando que cheguen recursos, imos votar a favor; se estivésemos votando como se xestionan, igual cambiaba o conto. Grazas».

Interveñen a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen pregunta se é posible votar por separado por un lado o complementario para a Capela e por outro o gasto corrente; e a sra. Nogareda Marzoa (APSU). Antes de votar, o presidente aclara que de conformidade coas bases do POS hai que votar conxuntamente tanto o principal como o complementario, pois non permiten que se poidan votar por separado.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 7 (3 UPSA, 3 PP e 1 NA).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	409.575,82
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	434.398,60
Subtotal gasto corrente	843.974,42

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
-					
Subtotal investimentos achega provincial 2026	0	0	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
-					
Subtotal investimentos achega provincial 2025	0	0	0	0	0

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	409.575,82				409.575,82
	Achega 2025	434.398,60				434.398,60
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026					
	Achega 2025					
C- TOTAL	Achega 2026	409.575,82	-	-	-	409.575,82
	Achega 2025	434.398,60	-	-	-	434.398,60
	TOTAL	843.974,42	-	-	-	843.974,42

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Rehabilitación integral da Capela de San Roque	376.632,84 €	-	376.632,84 €
TOTAIS	376.632,84 €	-	376.632,84 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e ten solicitada subvención á Excm. Deputación no programa DP0045/2026, Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal por importe de 150.000 €.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de decembro do 2025 ata o 22 de xaneiro do 2026 (núms. 2.307-2.394/2025 e 1-96/2026)

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de decembro do 2025 (núms. 2.307-2.394, dos expedientes, respectivamente, 2025/G003/002383 e 2025/G003/002469) ata o 22 de xaneiro do 2026 (núms. 1-96, dos expedientes, respectivamente, 2026/G003/000001 e 2026/G003/000095).

B. Mocións

O presidente indica que se presentaron dúas mocións polo BNG.

1.- Moción para modificar a ordenanza reguladora da protección de camiños e vías rurais con motivo das tallas de madeira no concello de Sada

Nada máis comezar a se xustificar a urxencia intervén a secretaria para facer unha advertencia de legalidade por considerar que a redacción non ten un contido específico de moción ao non concretarse que é o que se propón modificar; xa que logo entende que debe reconducirse coma un rogo.

Prodúcese o seguinte debate:

«SR. GRAÑA: A manteño, ou prégolle á secretaria que me asesore no sentido do que creo que é o seu labor para intentar presentar a moción. Creio que é importante, os veciños de Carnoedo sufriron un desastre e creo que é importante un posicionamento político por parte de todo o Pleno, a moción é a procura dun posicionamento político por parte de todo o Pleno, que seguramente sairá a favor. Entón non entendo que algún matiz de redacción que teña dado pois agradeceríase que puidésemos modificalo e poder posicionármolos os políticos aquí a favor dunha necesidade que cremos dende veciñanza. Grazas.

SECRETARIA: Mis funciones están en el Real Decreto, están perfectamente establecidas y no entra el redactarle a usted mociones.

(O presidente pide silencio ao público asistente).

SRA. NOGAREDA: Eu entendo que a intención é modificar a ordenanza.

SR. PORTELA: Creio que non é necesario adoptar exactamente en que punto se pode modificar, pois despois legalmente pois terá que haber uns cambios, pero si é posible debater esta moción e pronunciarse polos grupos sobre este aspecto pois...

SECRETARIA: Vamos a ver, se non está concretado legalmente é imposible facer nada. Que informe se vai poder facer se non está concretado?

SR. PORTELA: Sobre a moción non é necesario facer informe, digo eu.

SECRETARIA: Sobre un reglamento sí: informe jurídico, sí, tanto sea modificación como sea aprobación de cero. Si no está definido es imposible realizar un informe jurídico.

SR. PORTELA: Pero para debater a moción non é necesario informe xurídico.

SECRETARIA: Pero tiene que estar concretada la modificación.

SR. PORTELA: Hai varios puntos na moción, non sei se a leron, varias propostas, algunhas coas que estamos de acordo, outras de difícil aplicación seguramente. Pero hai varios puntos na exposición de motivos coas que se pretende modificar a ordenanza de tallas. A verdade é que, ben, pois xa digo, nalgúnhas coincidimos e outras habería que ver como realmente finalmente se establecían eses parámetros, que non é tan sinxelo.

SR. ESPAÑA: A mí la duda que me surge es quién hizo la moción, porque me estás dando tú más explicaciones, Benito, que Graña.

SR. PORTELA: Ben, porque teño o mal costume de ler as cousas que veñen a Pleno, e creo que se les a moción pois hai unha serie de puntos que desde logo creo que ademais imos estar case todos de acordo en moitos puntos e noutros, ben, pois son máis complexos de aplicar, estando de acordo pois vai ser máis difícil de definir.

SR. GRAÑA: Sinceramente e sen pretender en absoluto levarlle a contraria á secretaria que é a que sabe de leis e destas historias, que eu son só... aquí fago política, non sei de leis, non son xurista nin nada así. Intentei coller o regulamento de funcionamento do Pleno e de como van as mocións e isto é simplemente un posicionamento político. Creio que hai un artigo dentro do ROM que di algo así, e o que buscaba era un posicionamento político do Pleno en torno á decisión de solicitarlle o de que o Pleno facilite que se poida cambiar a ordenanza. Só é un posicionamento, non hai que tomar ningunha decisión en concreto, son suxestións de cambios na ordenanza pero nin sequera está concretado ningún cambio porque non é esa a idea, a ordenanza ten que redactala o goberno, non nós.



SR. PORTELA: *Perdón, sra. secretaria, unha vez que presentou ese documento que quería moción, non é posible que como é un rogo que presentou antes poida debaterse no apartado de rogos e preguntas, pero facemos debate sen votar?*

SECRETARIA: *Sí, se pode debater pero no como moción. Usted estaba preguntando ya la urgencia de la moción. Si esto es un ruego y le corresponde al alcalde traerlo evidentemente es un ruego, no es una moción. No sé qué parte no se entiende.*

SR. GRAÑA: *Non, a parte que non entende vostede é que eu entendo as mocións como un posicionamento político de todo o Pleno. Aquí o interesante para min e para o BNG, e creo que para todos, é que nos imos posicionar a favor de cambiar a ordenanza porque...*

SR. PORTELA: *Sra. secretaria, aínda que non podamos pronunciar un voto, e como o presentou por anticipado ao Pleno, pode reconducirse como un rogo e debatémolo todos no apartado de rogos e preguntas?*

SECRETARIA: *Sí.*

SR. GRAÑA: *Xa lles digo que me parece coartar a liberdade democrática que non nos poidamos posicionar todos aquí a favor ou en contra desta...*

SR. PORTELA: *Sr. Graña, a única diferenza é que non vai haber un voto en si, pero vai haber un posicionamento nas intervencións de cada grupo, eh?, creo que o debate vai ser practicamente igual que o dunha moción e desde logo así vamos a intentar evitar.*

SECRETARIA: *Hay un informe jurídico de 16 hojas que alguien no debe de querer leerse, en donde se define perfectamente la diferencia entre una moción, un ruego y una pregunta. Porque lo dice el legislador, lo establece el legislador, y los tribunales también lo interpretan así. No se trata de ninguna coartada, sr. Graña.*

SR. GRAÑA: *Eu non dixen nada de coartadas. Lin ese informe e a verdade é que se se fixa moito, e vostede o escribiu así que o sabe, vai sobre todo referido ao proces, aos conflitos que houbo no proces, moitos dos apuntamentos.*

SR. PORTELA: *A secretaria estaba propoñendo dúas solucións: ou modificar o texto para poder debatelos como moción ou facer un debate como rogo. Eu creo que, sinceramente, co resto que limos a súa proposta ao mellor é máis sinxelo e temos preparado debater estes aspectos e ao mellor é mellor debatelos como rogo.*

SR. GRAÑA: *Vostede é o alcalde; vostede manda aquí.*

Interveñen a continuación a sra. Arias Ferreiro (PP), quen di que o tema das tallas é recorrente e están todos de acordo e propón sentarse nunha comisión, como fan noutras ocasións e se fixen os criterios.

O alcalde di que se pode debater como rogo.

O sr. García López (APSU) pregunta á secretaria que se se pretende modificar a ordenanza o primeiro punto pode ser modificar a ordenanza e esas cuestións se establezan coma unha orientación na modificación; outra cousa é que a falta de concreción non sirva para nada.

A secretaria di que a ordenanza é un texto que está publicado e en vigor e hai que concretar, o contrario é unha intención pero non é modificar unha ordenanza. Ou ben o presenta o alcalde como proposta, como todas as propostas de pleno, previa comisión informativa, ou ben as persoas que o queren modificar, fóra do equipo de goberno, como xa pasou recentemente co regulamento de honras e distincións, redactan un texto, mellor ou peor, e despois redáctanse os informes e corríxese, de ser o caso, pero o que non se pode é facer un informe de algo que non está materializado, porque despois, seguindo o 'chascarrillo' da sra. Nogareda 'la culpa es de secretaria'.

O alcalde di que se debata como rogo.

O sr. Fariña Andrade (SM):

«SR. FARIÑA: *Eu o que quería comentar se se debatera a moción é que se está traballando nunha modificación ampla da ordenanza existente e practicamente coincide cos puntos que se reclaman nesta moción, se está traballando nese sentido polos técnicos que saben disto. Se vai regular a actividade forestal, as tallas en concreto, a protección, conservación e fomento de especies autóctonas, a xestión da biomasa e establecemento dun control máis exhaustivo e un réxime sancionador novo. É no que se está traballando».*

Intervén novamente o sr. García, que debate co sr. Fariña, quen conclúe que el non ten ningún inconveniente en pasar o borrador aos grupos para que poidan efectuar achegas.

2.- Moción para reclamar que se garanta un financiamento xusto e un modelo público do servizo de axuda no fogar (SAF)

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG), xustifica a urxencia da moción.



Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba a urxencia da dita moción por unanimidade dos asistentes.

A continuación, o sr. Graña le a moción presentada, cuxo texto reproducéase a continuación literalmente:

«MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA RECLAMAR QUE SE GARANTA UN FINANCIAMENTO XUSTO E UN MODELO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Don EMILIO GRAÑA MOSQUERA, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de SADA, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é unha ferramenta esencial para garantir unha vida digna ás persoas maiores, dependentes ou con dificultades de autonomía, permitindo que poidan continuar vivindo no seu fogar e na súa contorna, evitando situacións de institucionalización innecesarias e favorecendo a cohesión social.

En Galiza, o SAF naceu como parte dun modelo público de servizos sociais impulsado durante os anos nos que o Bloque Nacionalista Galego tivo responsabilidades de goberno na Xunta, coa aprobación da Lei de Servizos Sociais e a creación dun sistema baseado na universalidade, na igualdade de dereitos e na responsabilidade pública.

Porén, este modelo foi sendo progresivamente deteriorado pola actuación do Partido Popular na Xunta de Galiza, que optou por un sistema de financiamento insuficiente e desequilibrado, trasladando unha parte crecente do custo do servizo aos concellos, que non dispoñen nin das competencias nin dos recursos necesarios para asumir esa carga.

Na actualidade, os concellos galegos están a soportar unha maioría do gasto do SAF, superando amplamente os 200 millóns de euros anuais, mentres que a achega da Xunta resulta claramente insuficiente. Esta situación vulnera o marco legal vixente en materia de dependencia, que establece a obriga de garantir o financiamento íntegro do servizo entre a Xunta e o Estado.

Os datos económicos confirman este desequilibrio: o investimento por persoa dependente en Galiza sitúase moi por debaixo da media estatal, e o custo real do servizo continúa incrementándose ano tras ano, especialmente nos concellos rurais, con poboación máis envellecida e dispersa.

A Xunta de Galiza mantén, ademais, módulos de financiamento moi afastados da realidade. O prezo máximo fixado para a hora do SAF non se corresponde cos custos efectivos das licitacións, que xa superan os 24 euros/hora en moitos concellos. As propostas de incremento presentadas recentemente no seo da FEGAMP, malia seren vendidas como avances, non cobren nin de lonxe o custo real do servizo e obrigan os concellos a continuar asumindo máis da metade do gasto.

A este infrafinanciamento estrutural súmase, ademais, un problema relevante de xestión dos pagamentos por parte da Xunta de Galiza que afecta aos concellos co servizo concesionado. Mentres os concellos están obrigados a facer fronte mensualmente ás facturas do Servizo de Axuda no Fogar, con prazos de pagamento que non superan os 30 días, a Xunta liquida a súa achega con carácter trimestral e, nalgúns casos, con atrasos de varios meses respecto ao remate do trimestre correspondente. Este sistema de liquidación e a dilatación nos pagamentos da Xunta obriga os concellos a adiantar recursos propios para garantir a continuidade do servizo, xerando importantes tensións de tesourería, poñendo en risco o equilibrio financeiro municipal e provocando, en moitos casos, un incremento do Período Medio de Pago a provedores, con todas as consecuencias administrativas e económicas que iso implica.

Este modelo ten consecuencias directas sobre a calidade do servizo e sobre as condicións laborais das traballadoras do SAF, un sector altamente feminizado que sofre precariedade salarial, un convenio colectivo caducado desde hai máis dunha década e a falta de medidas de prevención de riscos adaptadas á súa realidade laboral.

A maiores, os servizos sociais municipais vense saturados por unha xestión cada vez máis complexa, sen que exista un reforzo económico ou de persoal, ao tempo que se incrementan as desigualdades territoriais no acceso ao SAF segundo o tamaño do concello ou a súa localización.

O BNG defende que os coidados deben ser un dereito garantido e non un servizo condicionado polo lugar de residencia. Para iso, resulta imprescindible un cambio de rumbo que asegure un financiamento suficiente, estábel e xusto, e que sente as bases dun verdadeiro sistema público galego de atención á dependencia.

A Orde do 2 de xuño de 2023 da Xunta fixou o módulo máximo de financiamento do SAF en 12 euros/hora. Asumindo o compromiso de revisar os custes e adaptar á realidade o financiamento, sen que tal revisión se levara nunca a cabo.

A Fegamp elaborou informe en 2025 que reflectía a crítica situación dos concellos galegos que están asumindo máis do 50% dos custes deste servizo esencial, pois o custe medio da hora ascendía en 2024 xa a 22 euros hora. E as licitacións de 2025 sitúan xa o custe/hora en máis de 24 euros, coa previsión de que este prezo continúe á alza en vindeiras licitacións.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

A Consellería, tras unha cativa proposta que contemplaba un financiamento máximo de até 16 euros/hora para o ano 2028, que foi rexeitada pola Comisión Executiva da Fegamp en novembro, polo que realizou unha nova oferta de financiamento por importe de 16 euros/hora para o 2026, 17 euros/hora para 2027 e 18 euros/hora para 2028.

Esta proposta foi aceptada pola maioría da Executiva da Fegamp e rexeitada polo BNG por considerala totalmente insuficiente, ao nin tan sequera achegarse a cubrir o custe real do servizo e continuar afogando os concellos galegos.

A oferta realizada pola Consellería de Servizos Sociais suporía pasar dos 12 euros/hora que reciben actualmente os concellos a só 16 en 2026, 17 o próximo ano e a 18 euros en 2028, unha proposta moi afastada do custe do servizo, que se sitúa xa hoxe en día nos 24 euros/hora nas últimas licitacións e que, ademais, é practicamente similar, con apenas un lixeiro incremento, á proposta que a Xunta xa realizara anteriormente para o mesmo período 2026-2028.

A defensa dos intereses municipais, tanto económicos como competenciais, esixe que as organizacións políticas manteñan con determinación posicionamentos consecuentes e ambiciosos e exerzan tamén de instrumento para cambiar o modelo asistencial das persoas mais vulnerábeis, universalizando os coidados e proporcionando a todas as persoas un servizo digno e de calidade vivan onde vivan.

O BNG de Sada sempre apostou e traballou, tanto cando estivemos no goberno, como na oposición, por ter uns Servizos Sociais de calidade. Con nós como responsables dese área tivemos os orzamentos mais altos adicados ao SAF. No presente reclamamos reiteradamente ao goberno municipal a licitación do novo contrato, na actualidade, prorrogado e en precario. Consideramos a situación actual en Sada vai en deterioro das condicións laborais das traballadoras do servizo, e polo tanto tamén repercute nos usuarios e usuarias.

O BNG, consecuente con esta posición, reclama que a Xunta e o Estado abonen aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos en 2027, até que se asuma o servizo como un instrumento de benestar social, a través da creación dun organismo que permita atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas dependentes a través dun SERGAS para os servizos sociais.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Reclamar á Xunta de Galiza e ao goberno do estado un incremento progresivo do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), até acadar que a Xunta abone aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custes no 2027.
2. Solicitar á Xunta de Galiza que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.
3. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Política Social e Igualdade, ao goberno do estado, á Fegamp, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca, convidándoos a aprobar mocións e iniciativas neste mesmo sentido».

Interveñen o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP), quen propón a seguinte emenda:

«Dirixirse ao Goberno de España para que:

- 1.- Cumpra co establecido na Lei de Dependencia e asumir o financiamento do 50% do custo dos servizos e prestacións, garantindo un reparto equitativo dos recursos entre o Goberno de España e as comunidades autónomas.
- 2.- Abonar de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia, que supera os 2.500 millóns de euros, permitindo así fortalecer o sistema de atención á dependencia na nosa Comunidade.
- 3.- Incrementar os fondos destinados ás comunidades autónomas para a atención á dependencia, asegurando que todas as persoas con dereito a prestacións poidan acceder a elas sen demoras inxustificadas.
- 4.- Establecer un plan de financiamento estable e plurianual, que permita ás comunidades autónomas planificar e mellorar os servizos de dependencia con previsibilidade e seguridade orzamentaria».

Intervén o sr. Blanco González (APSU):

«SR. BLANCO: Si, boas tardes a todas e a todos. Ben, xa o señor Fariña me botaba de menos, vou a parafrasealo: sempre dicía que fico abraiado, e a verdade é que a proposta que fai o sr. Graña a nós parécenos moi boa, non vamos mentir, o que pasa é que como vostede ben sabe é unha utopía, isto non se vai cumprir, ogallá si, o noso voto vaino ter a favor pero, ben, con algúns incisos que creo que son importantes.



Primeiro que estamos de acordo en que o ideal sería que o Goberno central e a Xunta se puxesen de acordo para levar o gasto completo deste servizo, pero ben, nós tamén observamos un pouco, polo menos pola miña parte, e coa sra. Salorio, que tamén o falei, que lle mando un saúdo e un abrazo desde aquí, home, está ben reclamarlle á Xunta pero o problema que teñen vostedes, sr. Graña, é que vostedes na Xunta por desgraza non teñen poder de decisión e en Madrid si o teñen, ou o tiveron polo menos, entón alí si que poden pois reclamar ao Goberno central para que cumpra en tempo e forma coa parte que lle corresponde, que entendemos que vostede tamén está de acordo niso, e esperemos que non pase como as autoestradas porque eu cada vez que vou visitar a meu pai... unhas cravadas! dixeron que ían ser gratuítas e estou esperando por elas.

Parécenos unha moción xenérica, non ten nada que ver con aue esteamos de acordo ou non pero, ben, si que é certo que, ben, está un pouco levada aproveitando o acordo FEGAMP-Xunta, no que se pasa de financiar 12 euros a 16 en 2026, 17 euros en 2027 e 18 euros en 2028, é dicir, un incremento importante, non?. Entendo que esta é unha moción que se presenta e todos os concellos. Despois dentro da moción encontramos algunhas cousas que nos chocaron: para nós hai medias verdades e verdades, dentro da moción.

As medias verdades: gran parte dos concellos soportan a maior parte do gasto. Nós penso que aquí temos a política de falar sempre das mocións e o que vén relacionado con Sada. Ben, aquí en Sada á empresa, que está en precario por certo, páganselle 17,75 euros á hora: a Xunta paga 12 e o Concello 5,75; é o 32%. Outra das cousas que nos chocaron é que os concellos adiantan os pagos á empresa porque a Xunta paga por trimestre, non?, que iso é algo que pasa habitualmente coa Administración. Entón a min gustaríame que lle preguntara vostede á empresa ou ao sr. interventor ou ao sr. alcalde, cando se lle aboou á concesionaria o último recibo e cantos meses levaba. É dicir, está ben que se lle adiante o carto do concello, pero o concello ao mellor á concesionaria non lle paga, como pasa aquí neste Concello. Por iso nós imos falar de Sada. Digo medias verdades... porque é unha moción xenérica, non?

As verdades: as licitacións, como vostede ben marca, rondan os 24 euros; nós pagamos 17,75. A sra. Taibo, hai uns anos, á miña compañeira María Nogareda e a min, cando estabamos no goberno, chamábanos que éramos a oposición no goberno; vale, vostede é o goberno na oposición: está no goberno pero está na oposición, sen que lle pareza mal, eh? Entón o que ten que facer vostede é insistirle aos señores de Sadamaioría, e ao sr. Portela sobre todo, que non boten outros dous anos sen licitar o SAF, porque leva 22 meses, e nós repetindo todos os meses. Por que?: porque vostede lle vota a todo si, sr. Graña, a todo; entón dá igual, dá igual: segue sen licitar?, pois que siga.

Nós aquí fixemos un pleno extraordinario, creo que pedímolo toda a oposición, menos vostede, para falar das licitacións que estaban pendentes, que me diga o sr. Portela se estou equivocado pero creo que así foi: aínda segue aí, 22 meses levamos. Que implica que levemos 22 meses en precario? Implica...

SR. PORTELA: Perdón, eh!

SR. BLANCO: Ben, 22 meses...

SR. PORTELA: En precario leva 7.

SR. BLANCO: Si, pero ben, 22 meses dicindo que imos licitar o servizo. Desculpe os datos, sr. Portela, pero ben, está moi ben que levemos 7 meses tamén. Que implica todo isto? Implica dificultades á empresa para contratar persoal, implica auxiliares desbordados de traballo, porque como vostede ben sabe pois Galicia ten unha poboación maior e cada vez envellece máis, polo tanto é máis dependente. Entón están sobrecargados de traballo e ten dificultades para contratar persoal.

A moción?: todo ideal, todo bonito. A nós parécenos unha utopía. Imos votar a favor. Ogallá se cumpra, non lle vou mentir, os meus desexos son que se cumpra todo isto, pero o que necesitamos é unha actualización aquí en Sada, sr. Graña, unha actualización. Pero unha actualización tamén nos votos, eh?, non só no SAF; necesitamos unha actualización nos votos, porque o sr. Portela xa non é secretario do alcalde. eh? Non ten por que votarlle todo a favor».

Intervén e a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

O sr. Graña explica o seu rexeitamento á emenda proposta polo grupo do PP.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 3 UPSA e 2 GM).
- Votos en contra: 4 (3 PP e 1 NA).
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1. Reclamar á Xunta de Galiza e ao goberno do estado un incremento progresivo do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), até acadar que a Xunta abone aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custes no 2027.



2. Solicitar á Xunta de Galiza que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.

3. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Política Social e Igualdade, ao goberno do estado, á Fegamp, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca, convidándoos a aprobar mocións e iniciativas neste mesmo sentido.

C. Rogos e preguntas

O presidente explica que antes de comezar coa quenda habitual de rogos e preguntas vaise iniciar polo rogo que vén de ser moción presentada do sr. Graña:

1º) O rogo do sr. Graña Mosquera (GM-BNG) refírese á modificación da correspondente ordenanza pola que se regulan as tallas de madeira, para protexer o viario e os predios, producíndose unha rolda de intervencións para o seu debate.

O sr. España López (non adscrito a grupo municipal) formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao concelleiro delegado de Turismo como estivo representado o pobo de Sada na Feira Internacional de Turismo (FITUR) que tivo lugar en Madrid e que rematou a semana pasada, tendo en conta que o turismo segundo di é o primeiro sector económico do pobo.

2ª) Pregunta ante o silencio do Concello pola opinión do alcalde con respecto da controversia xerada hai xa máis de dez días con respecto do coñecido como Castelo de Corbeiroa, sobre se é de Bergondo ou de Sada.

3ª) Pregúntalle á sra. Taibo, após de ter acceso aos cadros de quendas da Policía Local, se é consciente das consecuencias que pode ter deixar quendas desertas, que el considera que podería estar a cometer unha falta administrativa grave que se chama abandono de funcións ou mesmo de suceder algo traumático podería chegar a ser un delito grave de abandono de funcións.

4ª) Pregúntalle ao sr. Villar se lle pode dicir o custe da Cabalgata de Reis deste ano, o que custou a Cabalgata de Reis.

O sr. España fai tamén un rogo xeral de empatía, con relación á seguridade cidadá, pensando en especial nas persoas maiores e mocidade, após dos recentes incidentes serios e graves ocorridos de agresións a portas, fiestras e demais, porque considera que hai que protexer como sociedade os nosos maiores e á mocidade mais que non vivimos nunha anarquía, polo que non todo vale.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), dille que xa lle contestou ao respecto de Corbeiroa co envío dunha foto do Catastro onde está o límite municipal.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta sobre a representación do concello en FITUR que Sada está dentro da Reserva da Biosfera, da que o Concello de Sada forma parte; o sr. España reivindica unha representación propia.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, contesta á pregunta referida á cabalgata de Reis:

«SR. VILLAR: En canto aos custes da Cabalgata, así aproximados, e falo de memoria, as carrozas uns 15.000 euros aproximadamente, os monitores que acomp... si, as tres carrozas...; ben, porque nunca traballou nese sector, senón sabería que son os prezos...

SR. ESPAÑA: No, lo de carroza no me gusta.

SR. VILLAR: Ben, perfecto, pois síntoo moito, pero se quere facer unha pregunta si, se quer facer un chiste mellor un bar; igual é máis acaído para vostede.



SR. PORTELA: *(Dirixíndose ao sr. España) Eu prégoille que teña un pouco de respecto polo resto de concelleiros: todo o mundo escoitou respectuosamente todos os seus rogos pasándose nalgúns deles amplamente dos dous minutos e non houbo ningún problema, e agora cando lle están contestando ás preguntas realizadas vostede interrompe constantemente facendo 'chascarrillos'.*

SR. ESPAÑA: *Pido desculpas; continúa, sr. Villar.*

SR. PORTELA: *Non, non, non; coido que non é unha actitude, é de forma reiterada que está mantendo vostede no Pleno de Sada e por favor lle pido que manteña un pouco a compostura e un pouquiño de respecto polos demais, nada máis, eh? Simplemente vostede falou de forma continuada, ninguén lle interrompeu e agora vostede interrompe constantemente a todas as preguntas que lle están contestando ou que lle estamos contestando,*

SR. VILLAR: *Vale, continúa igualmente porque non sei ata que punto realmente quere escoitar a resposta ou non pero xa que se preguntou pois polo menos para o público presente: o alugueiro das carrozas, xa digo, uns 15.000 euros; os monitores que acompañan a rapaces durante todo o traxecto e tamén á subida e baixada das mesmas, falo de memoria, 1.600 aproximadamente; sesións de fogos de artifício durante o percorrido á chegada á Casa da Cultura, uns 1.000 euros; o plan da memoria de seguridade debe andar en 900 euros; os vehículos foron achegados de xeito gratuito por unha empresa local e os caramelos tamén, por tres entidades locais. Falo así de memoria, dos números máis grandes».*

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, contesta á pregunta sobre as quendas da Policía Local:

«SRA. TAIBO: *Sr. España, vullle contestar; ás ameazas non, pero ao resto si. Mire, déixeme falar por favor, pode falar de prevaricacións e cantas cousas máis, ben, dá igual. Dáselles prioridade ás quendas de día, sobre todo de mañá, por varias razóns. É a quenda onde máis incidencias se atenden: está a atención dos colexios, que funcionan de mañá; hai que facer funcións administrativas, que non se poden facer pola tarde. Pero de todas formas, a pesar das dificultades que temos, en decembro, xa sei que vostede ten, non sei se ten o cadro de quendas ou non, pero pode telo, cubrimos doce tardes. Só iso».*

Polo Grupo Municipal Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta por un malestar que detectan entre o persoal municipal, así como por que hai menos empregados dos que se necesitan, por cantas prazas hai por cubrir, por que é tan complicado cubrilas e cantas probas están quedando desertas:

«SR. GRAÑA: *Boa noite de novo. Se me permiten a primeira pregunta que vou facer é facéndome eco de demandas sindicais, de traballadores e traballadoras do Concello, e dunha especie de sentir. Ben, o primeiro que se escoita e o sentir que detectamos no cadro do persoal do Concello é que se senten mal pagados, maltratados, en certa medida, non todos, estou falando, ben, xeneralizando.*

E despois que temos menos traballadores, menos cadro do que necesitamos. Non sei se teñen cuantificado cantas prazas temos sen cubrir. E despois fágome eco nesta mesma pregunta de cantas prazas temos sen cubrir e por que está sendo tan complicado acceder a postos de traballo no noso Concello. Quedan desertas algunhas probas, algunhas prazas, non aproba a xente, incluso, iso, non sei se é necesario ser enxeñeiro aeroespacial para presentarse a auxiliar administrativo, ou algún posto así peculiar. Entón non sei cal é o número de prazas que temos sen cubrir e cantas probas están quedando desertas. Esa sería a primeira pregunta».

2ª) Pregunta que pasa co aparcadoiro privado de Cantalarrana, no que di que entraron e saíron máquinas.

3ª) Traslada outra vez a pregunta da moción que se aprobou de mellorar as instalacións dos baños e instalación eléctrica nas pistas de Mondego.

4ª) Pregunta como están as obras prioritarias do asunto da apertura do río (Maior), se xa están en mans doutra administración ou non.

O sr. Graña fai tamén os seguintes rogos:

2º) Roga por que haxa orzamento.

3º) Roga que se saquen a licitación os contratos que están en precario.

4º) Roga que se axilice a obra da ponte peonil de Cacharrete.

Polo Grupo Municipal Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) fai os seguintes rogos:

5º) Roga que se procure unha solución para os horarios da Biblioteca ou habilitación de espazos co gallo de poder dar solución ás necesidades dos estudantes universitarios.



6º) Roga que na praza dos Irmáns Suárez Picallo se volvan poñer bancos con respaldo para a comodidade das persoas maiores en lugar das pedras que colocaron.

A sra. Pena formula tamén a seguinte pregunta:

5ª) Pregunta, en relación co terceiro rogo do sr. Graña, para cando haberemos de poñermonos ao día e deixármolos de ter contratos en precario.

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, contesta á pregunta sobre a biblioteca municipal:

«SR. VILLAR: Si, aproveito, contesto eu polo tema da Biblioteca. A ver, a día de hoxe, co persoal que temos, non é viable outra solución, é dicir, temos dous auxiliares de biblioteca, por certo unha está de baixa, pero ben, está substituída, e despois o traballador neste caso que facía o seu servizo na Capela estando a Capela pechada pois tamén presta servizos na Biblioteca. O único xeito que teríamos de abrir durante máis tempo, non tendo que pechar neste caso na época de Nadal, sería recortar dereitos laborais, é dicir, hai cuestións como as vacacións, hai cuestións como os días de asuntos propios e incluso a semana de Nadal que lle pertence ao persoal laboral, que obviamente son cuestións que eles teñen dereito a desfrutar, e non hai outro xeito de combinar eses dereitos coa apertura da instalación.

SRA. PENA: ¿Y si en vez de recortar se refuerza con máis personal o se buscan outras solucións un pouco máis creativas?

SR. VILLAR: Solucións creativas que sexan administrativamente legais se me pode pasar algunhas poden consultalo debidamente, si.

SRA. PENA: O pregunte a concejales de ayuntamientos vecinos, a ver cómo hacen ellos».

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), contesta á pregunta sobre o río Maior, fai referencia ao rogo sobre o orzamento municipal e refírese ao comentario do sr. Graña relativo ao maltrato:

«SR. PORTELA: Contesto eu. Teño o tema do río. Mandaran un correo o 26 de decembro, que despois da incorporación do arquitecto municipal, que se incorporou o 12 de xaneiro, comprobouno e deulle o visto e praxe ás diferentes empresas que traballaron no proxecto e entregárono por rexistro onte e xa está ao tanto Augas de Galicia de que está entregado no Concello de Sada e no momento en que estea o informe do arquitecto remitiremos para supervisión a Augas de Galicia, aínda que extra-oficialmente a día de hoxe xa foi trasladado para que o vaian examinando, a súa supervisión. Unha vez consultada á empresa o Concello de Sada, Novotec consultou se lla podían enviar para que fosen vendo o proxecto ao director de Augas que vai levar o proxecto e foi hoxe remitido a Augas xa co visto e praxe previo extraoficial pero do arquitecto municipal.

Si que vamos ter orzamentos; é o que lle pode dicir. Non nos queda máis remedio, porque hoxe aprobamos o POS que vén a consignar e reforzar unhas partidas que utilizamos para outras cousas fundamentais, como a expropiación de Sada y sus Contornos, e como habemos ter que utilizar 487.500 euros da área de gasto para a nosa parte do proxecto do río, e por iso faise máis que perentorio traer uns orzamentos e vamos traelos.

Do das demandas sindicais incluso pode concordar en moitas das cousas que dixo, pero sinceramente creo que non é obxectivo que algún traballador municipal se poida sentir maltratado. Maltratado, que foi o termo que utilizou, creo que non é un sentimento realmente obxectivo; se se mira todo pode sentirse non-valorado,... pero maltratado, creo, sinceramente...

SRA. PENA: Psicológicamente, maltratado psicológicamente.

SR. GRAÑA: Pode emendalo.

PORTELA: Si, ben, pois ben, pois eu creo, por favor, cando se fan esas definicións, primeiro habería que telo máis demostrado e despois ver o caso particular dese suposto ou suposta traballador ou traballadora maltratado, creo que, ben, foi unha palabra que...

SR. GRAÑA: Fago unha pequena emenda se quere vostede á miña frase. Están peor pagados que os da contorna e logo están sobrecargados de traballo. Entón substitúo, acepto a emenda e substitúo maltratados por se senten..., logo, claro, se se ven tratados ou maltratados si que é algo subxectivo, depende de cada persoa e estou falando de terceiras persoas, non son eu. Entón si que é máis correcto seguramente e máis obxectivo, perdoo alcalde, falar de menos pagados que os da contorna e con máis cargas de traballo e con falta de prazas sen cubrir no noso cadro de persoal. Referíame a iso».

O sr. Portela continúa dicindo que ha darlle ao sr. Graña o dato máis preciso sobre a pregunta do número de prazas que están sen cubrir e de cantas probas de selección de persoal están a quedar desertas neste mandato municipal, así como o acceso ao expediente do aparcadoiro privado de Cantalarrana. O sr. España intervéñ para indicar que o secretario acetal. (sr. Leiva) dixo hai uns días na Comisión Informativa Xeral que agora mesmo eran 17 as prazas sen cubrir.



O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta con respecto do preguntado dos baños de Mondego e mais dá unhas explicacións sobre os rogos da ponte de Cacharrete e dos bancos da praza dos Irmáns Suárez Picallo.

Polo Grupo Municipal do PP, a sra. Val Armesto formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se existe un plan de emerxencia para o 'Feirón' informado favorablemente por técnico competente, así como se está planificada unha nova reordenación que consideran que fai moita falta.

2ª) Pregunta que é o que pasa para que non se roce en Párroco Villanueva, sobre o que xa se interesaron anteriormente.

A sra. Val fai tamén o seguinte rogo:

1º) Roga que se paseen polos parques que hai polas parroquias para decatarse do mal estado no que se atopan, tomen nota e vaian facendo cousas pouco a pouco.

Polo Grupo Municipal do PP, o sr. Lonja Tajés fai o seguinte rogo:

2º) Roga que se faga algo con relación ao mal estado das rúas, citando como exemplo Sada y sus Contornos, Párroco Villanueva, travesía da Obra, Barrié de la Maza e Linares Rivas.

Polo Grupo Municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as seguintes preguntas:

3ª) Pregunta se non lles dá vergoña o estado de abandono do paseo marítimo, con herba tanto dentro como fóra do areal, papeleiras de madeira deitadas e sen recoller, o estado de sucidade no que se atopa a escultura do paxaro de cores en homenaxe a Suárez Picallo onde a zona de xogos dos cativos e o abandono da súa placa na praza na que antes estivo; así como Linares Rivas, con farois rotos con adhesivos e de todo, dos solos, das pintadas; pero tamén a falta de mantemento do río na zona urbana de competencia, na que están hai tempo troncos de árbores sen sacar.

A sra. Arias fai tamén os seguintes rogos:

3º) Roga que se establezan protocolos tamén no nivel preventivo para facer fronte aos casos de vandalismo que están a afectar a maiores, familias e menores; e para os casos de desaparición de persoas, posto que hai persoas maiores que por razóns de saúde mental desorientanse e pérdense.

A sra. Arias formula tamén estoutra pregunta:

4ª) Pregunta como está o documento de protocolo ante o risco de asolagamentos, se é que existe ou non.

Por último, a sra. Arias fai un último rogo:

4º) Roga que realmente se fagan cousas, que se utilice o diñeiro con sentido, como o proxecto dos vestiarios do Carnoedo para as rapazas.

O sr. Berrocal Fariña (SM), concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta sobre o plan de emerxencia do Feirón.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, contesta á pregunta sobre Plan de Actuación Municipal:

«SRA. TAIBO: A ver, en relación ao Plan de Actuación Municipal, que non é protocolo, Plan de Actuación Municipal por Risco de Asolagamentos, voulle facer un historial. En febreiro foi remitido á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior o Plan de Actuación para a avaliación pola Comisión Técnica de Protección Civil. E unha vez revisado remite informe, considérase que cumpre os criterios establecidos sen facer ningún tipo de correccións no referido a cuestións técnicas, á avaliación de risco ou ás medidas para corrixir actuar sobre o mesmo. Fai unha observación mínima no sentido de cumprir co formato establecido pola Xunta, formato único que ás veces no se pode cumprir ao cen por cen, dependendo da estrutura de cada concello, porque fan un formato único para todo o mundo e non é o mesmo o concello dunha grande cidade como o concello de Sada, por exemplo.



Logo diso, aínda así remítese un documento revisado, que foi certificado e homologado pola Comisión Técnica Permanente da Comisión Galega de Protección Civil na súa sesión do 18 de xuño, e agora mesmo estanse a facer os informes polos responsables municipais dos servizos afectados e que se cumpren os requisitos e condicións en canto aos medios de que dispoñemos no Plan. Unha vez que teñamos eses informes traerase a Pleno, porque ten que ser aprobado polo Pleno.

SRA. ARIAS: Es decir, que no hay documento aún en la Xunta.

SRA. TAIBO: Acabo de dicirlle o punto no que estamos.

SRA. ARIAS: No, claro que no hay; vale.

SRA. TAIBO: Quero recordar que o Concello de Sada non ten obrigación de ter este Plan.

SRA. ARIAS: No tiene obligación, ¿pero cree que es necesario? A lo mejor usted cree que no; también me dijo en la Comisión el otro día que el tema de la iluminación no tenía nada que ver con la seguridad ciudadana, que es algo interesantísimo, palabra.

SRA. TAIBO: Se non pensase que fose necesario non se traballaría nel. Só digo que non é obrigatorio ter este Plan; e aínda así, habémolo ter».

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), contesta á pregunta sobre a limpeza en Párroco Villanueva.

Polo Grupo Municipal de UPSA, o sr. García López, logo de escusar novamente á sra. Salorio e facerlle uns comentarios ao sr. Graña por alusións, fai o seguinte rogo:

1º) Roga que non se lles siga tomando o pelo con respecto da situación da licitación do SAF, do que levan preguntando 22 meses, case dous anos avisando para que non se chegase á situación actual; roga que se lles diga a verdade de por que non o sacan.

O sr. García formula tamén as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se é certo e de selo como é que non se puido prever en ningunha das 41 modificacións de crédito aprobadas en 2025 que houbese diñeiro suficiente para final de ano para as tarxetas pre-pago para ir ao supermercado, como lles trasladou algún usuario.

2ª) Pregunta por unha estimación dunha media das citas diarias que se atenden en Servizos Sociais, pos di que unha persoa que acude cunha urxencia en xaneiro non ten cita ao mellor ata marzo, que son uns dous meses de agarda.

3ª) Pregunta se hai Plan de Igualdade no Concello.

Polo Grupo Municipal de UPSA, a sra. Nogareda Marzoa fai algúns comentarios, refírese a rogos e preguntas efectuadas con anterioridade e formula as seguintes novas preguntas:

4ª) Pregunta se hai algún rexistro de solicitudes de puntos de luz, porque lles gustaría saber se o hai e de ser o caso de habelo que llelo trasladasen.

A sra. Nogareda fai tamén o seguinte rogo:

5ª) Pregunta sobre o que se coñece como Castelo de Corbeiroa, porque di que non se lle contestou ao sr. España:

«SRA. NOGAREDA: Comentaba antes o sr. España o tema de Corbeiroa. A verdade é que si, estivo de rabiosa actualidade ultimamente, pero non lle respondeu, simplemente lle dixo que lle mandaba a ficha do Catastro; pero o Catastro non é o Rexistro da Propiedade: é un instrumento fiscal.

Creo lembrar que a piscina non estaba no Catastro; ¿non existe, non está en Sada, está en Bergondo tamén? Haberá que miralo, por outro lado. E queremos tamén saber, que nos conteste, porque non lle contestou ao sr. España, por que senón está situado en Sada para o catálogo da Xunta e por que está delimitado nos planos do PXOM aprobado en Sada».

6ª) Pregunta se hai algún concelleiro ou concelleira ou persoa responsable no Concello sobre a seguridade informática.

7ª) Pregunta cando vai darse a resolución definitiva ás bolsas-comedor.

8ª) Pregunta cal é o motivo polo que non se trouxo a ampliación de Sada y sus Contornos, porque por falta de informe da secretaria non é.



Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

Expte.. 2026/G010/000001

A sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, contesta á pregunta sobre as bolsas-comedor.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), logo de pedir repetidamente silencio, ás 21.34 horas expulsa a dúas persoas asistentes como público.

A sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, contesta ás preguntas sobre as citas diarias e das emerxencias municipais dos Servizos Sociais; amplía a resposta o presidente, sr. Portela Fernández (SM), entrando en debate co sr. García López e a sra. Nogareda (ambos de UPSA).

O sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, contesta á pregunta sobre a persoa responsable da seguridade informática.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), refírese á pregunta sobre o Plan de Igualdade, do que a secretaria tamén fai aclaracións; a un envío de expediente á Valedora do Pobo, a que fixera referencia a sra. Nogareda; ás bolsas-comedor; a que non hai un rexistro de solicitudes de puntos de luz; dá unha explicación sobre Corbeiroa.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23.05 horas do día xoves 29 de xaneiro do 2026, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.